

6-3- Procedementos e instrumentos da avaliación

A avaliación é un proceso contínuo presente no desenrolo de todo tipo de actividades e non só en momentos aillados

Nos primeiros días do curso farase a tódolos alumnos unha avaliación inicial para, deste xeito, coñecer o seu nivel de contidos e competencias e valorar a posible adaptación ou repaso de contidos que conveña facer. A avaliación será tamén un proceso Integrador, tenrá en conta os distintos tipos de contidos descritos nesta programación. Tamén será un proceso continuo que favorezca a autocorrección e basaráse na realización dos traballos e comprensión dos contidos

a-Avaliación Ordinaria

O curso o forman tres avaliacións,, cuxas datas se especificarán no Plan Xeral Anual. .

No mes de xuño o alumno só se examinará das avaliacións suspensas., tamén presentará os traballos suspensos ou non presentados . A cualificación sairá da media ponderada entre a nota do exame e as das avaliacións aprobadas A nota final será a resultante deste examen e a media das tres avaliacións.

Os alumnos que no acaden un resultado positivos, despois deste examen global de xuño, realizarán o examen de setembro.

b- Avaliación Extraordinaria.

Á proba presentaránse todos os alumnos calificados negativamente en xuño. O alumno avaliarase tendo en conta os contidos mínimos de toda a materia do curso.

Nesta proba o alumno examinarase de todas as avaliacións .

Así mesmo entregarán os traballos realizados durante o curso que non foran presentados polo alumno, ou que tiveran unha calificación de insuficiente que o profesor considere oportunos

Instrumentos de avaliación

Materia Valores Éticos 1º 2º 3º 4º eso

Instrumentos de avaliación	Peso	Observacións
Observacion e análise das tarefas	10%	Valorarase a participación e a atención na clase e nos debates ,o traballo en grupo, a cooperación cos compañeiros e como aplica os conceptos ás actividades e o respecto co que os trata , a eles e a asignatura
Caderno de clase	10%	Valorarase a presentación , e levalo ao día ,completo e elaborado conforme ás normas dadas (inclue os esquemas o mapas conceptuais elaborados, os glosarios, resúmes breves e todos os documentos utilizados en clase
Probas escritas (no caso de facelas)	20%	Son probas realizadas a todo o grupo, tanto as probas/exámenes de avaliación como calquera tipo de control escrito que o profesor determine. Si non as houbera o tanto por cento repartiríase entre os outros apartados.

A actitude	10%	A actitude ante o traballo Interés pola asignatura; A iniciativa, a participación e a creatividade; A participación nos grupos A súa actitude ante os demais membros: respecta as opinións alleas, axuda, acepta as normas do traballo en grupo. A responsabilidade, orde e os hábitos de asistencia e puntualidade Unha mala actitude , comportamentos agresivos , insolidarios suporán a perda do 10 %
Traballos individuais ,exposicións orais e lecturas de carácter obrigatorio	30%	Valorarase presentalos na data indicada, con boa presentación e cumprindo os requisitos pedidos
Traballo en grupo	20%	Valorarase a participación nas actividades e na toma de decisións

c) Criterios de calificación.

Todas as actividades calificaránse de 0 a 10.A nota de cada avaliación será a media aritmética de todas as calificacións obtidas polo alumno durante o trimestre . A nota final do curso será a media aritmética das calificacións dos tres trimestres. Nas calificacións de xuño e setembro,cando as medias teñan decimais , redondearase ao enteiro superior só si os decimais superan o 3,7 e a actitude do alumno é satisfactoria

6-4- Motivos para a perda da avaliación continua

A perda do dereito á avaliación continua aplicarase a alumnos cuxo absentismo iguale ou supere o 30% do horario lectivo da materia na avaliación. Os alumnos terán dereito a presentarse ós exames finais, (debendo presentar o traballo realizado durante o curso).

6-5- Programas de recuperación

6.5.1 Materia durante o curso

Dada as características da asignatura é requisito indispensable presentar e aprobar os traballos e comentarios propostos.

Os alumnos que non superen a primeira ou a segunda avaliación, por no alcanzar un 5 no examen (no caso de facelo) e ter os traballos entregados avaliados negativamente ou non entregados, farán, exames de recuperación de cada avaliación suspensa (ben antes de rematar esta ou ben despois, dependendo da dispoñibilidade temporal). En caso de que o alumno aprobe, quedará recuperada a avaliación correspondente . Presentará tamén os traballos e exercicios propostos durante o trimestre que non presentara ou nos que non obtivo unha avaliación positiva.

Os alumnos que non superen a 3ª avaliación, recuperaran na examen final (cos traballos propostos no caso de non estar entregados.) .Xunto coas demais avaliacións suspensas si as houbera

6.5.2- Materias pendentes doutros cursos.-

Os alumnos que pasen ao curso seguinte coa asignatura pendente realizarán os exames correspondentes do mes maio e setembro, no caso de non superar a materia en maio.

Como axuda ós alumnos coa materia pendente de cursos anteriores, o profesor da materia entregará a principio dos trimestres un boletín onde explicará os traballos e comentarios (ou exame-tipo) de forma que o alumno teña unha idea clara de que é o que debe saber . Realizarán tamén exercicios escritos (antes do exame de maio) coa finalidade de preparar a materia . Será obrigatorio aprobar e presentar estes exercicios

6.5.3-Probos extraordinarias

-Os alumnos que no superen a materia na proba de maio, poderán recuperala na proba extraordinaria de setembro. Nela examínase de toda a materia, así como de presentar os resumos, exercicios e traballos propostos polo profesor non entregados ou puntuados negativamente

- Os alumnos que teñan a asignatura pendente realizarán a proba extraordinaria de setembro , os requisitos esixidos serán os mesmos que na convocatoria de xuño